REHEAL

Compra Pública Precomercial europea, cadeas de suministro sanitarias circulares, economía circular

Reverse Healthcare Supply Chains for Circular Economy

O proxecto **REHEAL** de 4 anos de duración está destinado a facilitar a adquisición sostible, o reacondicionamento, a reciclaxe e a recuperación de recursos nos sistemas sanitarios, mediante ferramentas dixitais e o despregamento dunha estratexia de contratación pública de innovación. REHEAL enmárcase no Programa Horizon Europe PCP e atopase financiado pola Unión Europea na súa totalidade. Este proxecto está liderado pola Universidade de Edimburgo (Reino Unido) como socio coordinador e conta coa participación como socios de 7 entidades europeas pertencentes a diferentes ámbitos para o seu desenvolvemento.

Socios:

- Data-Driven Innovation, the University of Edinburgh (Reino Unido) -socio principal
- NHS National Services Scotland (Reino Unido)
- Scottish Government (Reino Unido)
- Servizo Galego de Saude (SERGAS)
- Axencia Galega para a Xestion do Conecemento en Saude (ACIS)
- Region Hovedstaden (Dinamarca)
- Fundacja Klaster Lifescience Krakow (Polonia)
- Mitera Idiotiki Geniki, Maieytiki, Gynaikologiki Kai Paidiatriki Kliniki Anonymi Etaireia - MITERA (Grecia)
- EIT Digital (Bélxica)

REHEAL reúne hospitais, provedores, investigadores e responsables políticos para deseñar e probar solucións innovadoras que fagan que as cadeas de subministración sanitarias sexan máis circulares, resilientes e climáticamente neutras a través da modalidade de Compra Pública Precomercial. Os Grupos de Compradores Locais (GLC) son a pedra angular do proceso de innovación de REHEAL. Hai cinco GLC, situados en Escocia, Galicia (España), Dinamarca, Grecia e Polonia, que xuntos representan a máis de 260 hospitais, 300.000 profesionais sanitarios e 17 millóns de cidadáns. Cada GLC funciona como un centro de innovación rexional, reunindo xestores de compras sanitarias, actores da cadea de subministración e partes interesadas locais para codeseñar, probar e perfeccionar solucións prácticas de compra circular.

O proxecto pretende facilitar a adquisición sostible, o reacondicionamento, a reciclaxe e a recuperación de recursos nos sistemas sanitarios ao mesmo tempo que introducir a perspectiva de xénero e fomentar novas oportunidades de mercado para novas empresas e PEMES que adopten modelos orientados á economía circular. Para acadar este obxectivo empregará unha estratexia de Compra Pública de innovación xunto con metodoloxías CivTech, para codiseñar e pilotar solucións innovadoras de cadea de subministro inversa con 20 provedores, así como un proceso de testeo baseado en Living labs.

Orzamento total: 7.358.767 EUR
Páxina web: www.rehealhorizon.eu

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Portal TED UE - PIN REHEAL (anuncio previo)

CONTIDOS RELACIONADOS

Redefinición do reto REHEAL: Consulta Preliminar ao Mercado (CPM) previa á licitación (ABERTA)

Consulta Preliminar ao Mercado (CPM) do proxecto REHEAL (consulta inicial de definición do reto - PECHADA)

NOVO O HULA acolle a sesión de redefinición das Consultas Preliminares ao Mercado do proxecto REHEAL para impulsar cadeas de suministro sanitarias circulares e sostibles

Galicia participa na Asemblea Xeral do proxecto REHEAL en Copenhague (Dinamarca) para atopar solucións innovadoras no ámbito das cadeas de subministración sanitarias circulares

Galicia participa na reunión do proxecto REHEAL en Atenas (Grecia) para a busca de solucións innovadoras no eido das cadeas sanitarias de subministro circulares

O Servizo Galego de Saúde presenta a Consulta Preliminar ao Mercado do proxecto REHEAL para busca de solucións innovadoras no eido da circularidade das cadeas de subministro sanitarias

O Servizo Galego de Saúde reúnese en Lugo para manter un encontro de traballo coa delegación escocesa do proxecto REHEAL de Compra Pública Precomercial sobre cadeas de suministro circulares

Galicia participa na sesión inaugural do proxecto europeo REHEAL de Compra Pública Precomercial no ámbito das cadeas de suministro sanitarias circulares